

ACTA Nº 01/2011

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA, CELEBRADA O DÍA 20 DE XANEIRO DE 2011.

ORDE DO DÍA

UNICO.- Resolución de alegacións e aprobación definitiva, se procede, do orzamento municipal e do Padroado Beiramar para o ano 2011.

Asistentes:

Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero

Srs. Concelleiros:

D. Valentín Piñeiro González
Dna. María Libertad Cruz Couso
D. Diego Manuel Riobó Martínez
Dna. María Beatriz Riobó Rouco
D. Daniel Rodas Chapela
D. Victor Manuel Pastoriza Lino
Dna. María Teresa Suárez Riobó
D. Arturo González Pérez
D. Xosé Euloxio Santos Leites
D. José Ferverza Costas
D. Javier Abal Juncal
D. Carlos Trigo Ferverza
D. Angel Manuel González Riobó
Dna. Rosana Paredes Durán
Dna. Melina Alves Martinez

Na Casa do Concello de Moaña a 20 de xaneiro do 2011, sendo as 20:05 horas, reúnen os Señores sinalados baixo da presidencia do Sr. Alcalde, D. Xosé Manuel Millán Otero, asistido polo Secretario Xeral do Concello D. Carlos Piñeiro Sarmiento, ca finalidade de celebrar Pleno Extraordinario, anunciado para o día de hoxe.

Non está presente D. Abelardo Nahur Currás Vázquez.

Antes de iniciar os puntos da orde do día o Sr. Alcalde sinala que Dna. María Libertad Cruz Couso chegará con un pouco de retraso.

UNICO.- RESOLUCIÓN DE ALEGACIONES E APROBACIÓN DEFINITIVA, SE PROCEDE, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO PADROADO BEIRAMAR PARA O ANO 2011.

O Sr. Alcalde sinala que no expediente consta copia da publicación no B.O.P. de data 22 de decembro, do anuncio de aprobación inicial. (A Concelleira do BNG, Sra. Cruz, entra no salón

de plenos). Os orzamentos estiveron en exposición pública durante quince días hábiles, para a presentación de alegacións. Nese período se presentaron as seguintes: D. Gabriel Piñeiro Costa, D. Jesús Martínez Costa, en representación da Asociación de veciños de A Meixoadá, D. Ezequiel Fernández Cancelas, en representación da Asociación de veciños de A Chamusca, Dña. Dolores Fernández Rodas, en representación da Asociación de veciños de O Porto de Domaio, Dña. Dolores Fernández Rodas, en representación da Asociación de veciños de O Porto de Domaio, Dña. M^a Luisa Santomé Faria, D. Manuel Parada Fervenza, en representación da Asociación de veciños de do Redondo, D. José Fervenza Costas, en representación do Grupo Municipal do PP, D. Antonio Pastoriza Chapela, en representación da Asociación de veciños “As Pagonas”, D. Manuel Curra Durán, en representación da Asociación de veciños de Broullón, Dña. M^a Luisa Fervenza Curro, e Dña. Ana Costa Gándara. Consta no expediente informe de alegacións emitido polo Interventor Municipal e proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente en Comisión Informativa de Facenda. Coñecen a proposta da Alcaldía. Di o seguinte:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO DO CONCELLO DE MOAÑA E DO PADROADO BEIRAMAR PARA O ANO 2011

O Pleno da Corporación Municipal do Concello de Moaña aprobou en sesión extraordinaria celebrada o 16 de decembro de 2010 aprobou inicialmente o orzamento municipal e do Padroado Beiramar para o ano 2011.

O 22 de decembro de 2010 publícase anuncio no Boletín Oficial da Provincia abríndose un prazo de 15 días hábiles para a presentación de reclamacións. Segundo certificación do secretario municipal que se inclúe no expediente, neste prazo preséntanse as seguintes reclamacións:

1.- Reclamación presentada por D. Gabriel Costa Piñeiro, de data 29 de decembro de 2010, con número de rexistro de entrada 9.618, en que solicita a inclusión no orzamento dunha partida de 8.898,54 € para facer fronte a unha suposta débeda que se remonta ao ano 1992, por realización de obras na traída de augas de Fontes-Tirán.

2.- Reclamación presentada por D. Jesús Martínez Costa, como presidente da Asociación de Veciños da Ameixoadá, de data 3 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 31, en que solicita a inclusión no orzamento das seguintes actuacións: acondicionamento do vial desde o lavadeiro de Canisada ata o colexio de Tirán; acondicionamento na entrada do camiño da Torre, desde o cruce coa EP-1104; pavimentación da calzada de Paxarín e acondicionamento da beirarrúa para augas pluviais; acondicionamento do sistema de evacuación de augas no vial de acceso ao corredor desde a Ameixoadá; pavimentación e acondicionamento do acceso e da esplanada do parque de Remeirás; reacondicionamento da fachada e paredes exteriores no local social de Remeirás; instalación de superficies de caucho no parque infantil de Remeirás; reparación e acondicionamento dos lavadeiros de Canisada e do Foxo e do seu contorno; creación dun roteiro peonil polo camiño de servizo do corredor ata os muíños de Gondarán; acondicionamento da beira do río a carón do camiño de servizo do corredor.

3.- Reclamación presentada por D. Ezequiel Fernández Cancelas, en representación da Federación de Asociacións de Veciños A Chamusca, de data 11 de xaneiro de 2011, con número

de rexistro de entrada 171, en que solicita a incorporación aos orzamentos de partidas suficientes para atender as seguintes actuacións: Camiño dos Piñeiros en Sabaceda; Camiño de Ameixeira, Salvante e Canexa do Naranxo, en Broullón; Canisada-Colexio de Tirán, Camiño da Torre, Calzada de Paxarín e conexión da EP1104 co corredor na Ameixoadá; muro de Fontevieita e camiño da Rotea, en Quintela; tramo do Fuxón, en Tirán; Casa da Cultura-Escobar e Fampena, en Berducedo.

4.- Reclamación presentada por Dna. Dolores Fernández Rodas, como presidenta da Asociación de Veciños O Porto de Domaio, de data 12 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 193, en que solicita a incorporación dunha partida orzamentaria para a compra de terreos necesarios para a ampliación do I.E.S A Paralaia.

5.- Reclamación presentada por Dna. Dolores Fernández Rodas, como presidenta da Asociación de Veciños O Porto de Domaio, de data 12 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 198, en que solicita a incorporación dunha partida orzamentaria para a obra de saneamento nos barrios de Domaio que carecen deste servizo.

6.- Reclamación presentada por Dna. María Luisa Santomé Faria, de data 12 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 199, en que solicita a incorporación dunha partida específica para a realización da obra de asfaltado do camiño de Lopes.

7.- Reclamación presentada por D. Manuel Parada Fervenza, como presidente da A.VV. do Redondo, de data 13 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 215, en que solicita incluír unha partida orzamentaria para comezar as obras do auditorio municipal de Moaña.

8.- Reclamación presentada por D. José Fervenza Costas, como voceiro do grupo municipal do Partido Popular, de data 13 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 216, en que solicita:

-Que se cree unha partida correspondente ao 5% do orzamento en concepto de superávit para reducir o déficit de tesourería que vén arrastando o Concello de Moaña.

-Que se baixen os ingresos en concepto de recadación do IBI e que polo tanto non se suba ata o máximo legal este imposto.

-Que se reduza a cantidade prevista en concepto de licenzas e que se iguale ao importe ingresado no ano 2009.

-Que se equipare a cantidade de ingresos correspondente a ocupación da vía pública con publicidade, postes, etc., á cantidade realmente ingresada en 2009.

-Que se reduza e se equipare a cantidade a ingresar en concepto de multas e multas urbanísticas á cantidade recadada no ano 2009.

-Que se incremente a partida prevista para a reparación de inmobles.

-Que se reduza a partida de gastos correspondentes á reparación de vehículos.

-Que se reduzan ao máximo as partidas de atencións protocolarias e publicidade.

-Que se elimine a partida de xuros a pagar a Marcelino Bértolo, ou ben se recoñeza unha partida de amortización de débeda por ser incoherente unha partida sen a outra.

-Que non se aproben os orzamentos para o ano 2011, mentres non estea feita a liquidación dos orzamentos do ano 2010.

9.- Reclamación presentada por D. Antonio Pastoriza Chapela, en calidade de presidente da Asociación de Veciños “As Pagonas”, de data 13 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 217, en que solicita se inclúan partidas orzamentarias para a reparación do camiño da Fampena; instalación de sumidoiros na Costa Grande e construción de muro para a casa de Cultura.

10.- Reclamación presentada por D. Manuel Curra Durán, como presidente da Asociación de Veciños de Broullón, de data 13 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 218, en que solicita que se habilite unha partida orzamentaria para facer fronte ás obrigas que o Concello ten pendentes de pago.

11.- Reclamación presentada por Dna. María Luisa Fervenza Curro, de data 13 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 219, en que solicita que se inclúa nos orzamentos unha partida para rematar as obras de construción da gardería municipal.

13.- Reclamación presentada por Dna. Ana María Costa Gándara, de data 14 de xaneiro de 2011, con número de rexistro de entrada 266, en que solicita que se lle inclúa como funcionaria do Concello de Moaña no cadro de persoal.

Vistos o informe da intervención municipal, propónse ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

ACORDOS:

1.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Gabriel Piñeiro Costa, posto que nin da documentación obrante nas dependencias municipais nin da aportada polo reclamante se deduce a existencia de ningunha débeda ou obriga ao seu favor.

2.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Jesús Martínez Costa en nome da Asociación de Veciños da Ameixoadá, posto que unha parte das actuacións presentadas poden ser acometidas polo propio Concello por administración e a cargo das partidas de mantemento de infraestruturas e instalacións, e as restantes, que esixen a previsión de partidas de investimento, implicaría un incremento inasumible do capítulo VI, contra os criterios do Plan de Saneamento do Concello de Moaña, aprobado polo Pleno da Corporación.

3.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Ezequiel Fernández Cancelas, en nome da Federación de Asociacións de Veciños da Chamusca, posto que unha parte das actuacións presentadas poden ser acometidas polo propio Concello por administración e a cargo das partidas de mantemento de infraestruturas e instalacións, e as restantes, que esixen a previsión de partidas de investimento, implicaría un incremento inasumible do capítulo VI, contra os criterios do Plan de Saneamento do Concello de Moaña, aprobado polo Pleno da Corporación.

4.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. Dolores Fernández Rodas, en nome da Asociación de Veciños O Porto de Domaio, por considerarse inoportuna a inclusión

dunha partida para a adquisición de terreos para a ampliación do I.E.S. A Paralaia, posto que non está aínda definido o proxecto de ampliación, nin a superficie de terreo necesaria, nin o prezo dos terreos, sendo imposible cuantificar o montante da partida orzamentaria precisa.

5.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. Dolores Fernández Rodas, posto que na mesma non se concretan as actuacións solicitadas, polo que é imposible cuantificar a provisión orzamentaria que se reclama, e por contar o Concello con outras vías para a execución de obras de saneamento sen necesidade de recorrer aos fondos propios.

6.-Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. María Luisa Santomé Faria, posto que nos orzamentos se prevén xa cantidades suficientes para acomeder a obra demandada nas partidas destinadas a mellora e mantemento da rede viaria, se o goberno municipal o considera oportuno.

7.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Manuel Parada Fervenza, posto que a execución do proxecto de auditorio require un investimento de 4.300.000,00 €, cantidade de imposible consignación nos orzamentos municipais para o ano 2011.

8.- Admitir a trámite e desestimar as reclamacións presentadas por D. José Fervenza Costas en nome do grupo municipal do Partido Popular de Moaña, polas seguintes razóns:

-A estrutura orzamentaria non permite a creación de partidas “en concepto de superávit.

-Os ingresos polo concepto de IBI son os previsibles desde o punto de vista técnico de acordo coa ponencia de valores e os coeficientes a aplicar no ano 2011. Non se realizou nin se prevé realizar ningunha “suba” do imposto, que está xa situado no seu mínimo legal.

-As previsións de ingresos por dereitos derivados da construción (ICIO e taxa de licenza) xustificanse nos dereitos efectivamente liquidados a data 31 de decembro de 2010 (313.791,34 € en concepto de ICIO e 83.921,82 € en conceptos de taxas por licenzas), sen que haxa motivos para crer que o ano 2010 fose un ano de ingresos extraordinarios.

-As previsións de ingresos por aproveitamentos do dominio público (postes, palomillas, etc.), correspóndese coa liquidación do orzamento de 2009.

-As previsións de ingresos por multas de tráfico e infraccións urbanísticas correspóndense cos dereitos liquidados dos orzamentos de 2009, que son os que deben terse en conta, e non as cantidades efectivamente recadadas.

-A cantidade para reparación de inmobles considérase suficiente, de acordo coas obrigas recoñecidas noutros anos.

-A cantidade orzamentada para reparación de vehículos considérase adecuada de acordo coas obrigas recoñecidas por ese concepto en anos anteriores. O Concello de Moaña só ten un vehículo en renting.

-As cantidades orzamentadas para publicidade e atencións protocolarias teñen o carácter de mínimas, semellantes ás de anos anteriores, e indispensables para atender os conceptos de promoción turística, trofeos e agasallos das competicións deportivas e difusión das actividades municipais.

-Non se pode eliminar a partida para recoñecemento de xuros a Marcelino Bértolo, posto que esa é a cantidade pendente de pago segundo aplicación de sentenza xudicial e plande pagos asinado co acredor, nin é necesario habilitar unha partida de amortización do principal, posto que dito principal foi xa totalmente aboado.

-A lexislación en materia de facendas locais establece que os orzamentos municipais deben aprobarse antes do último día do ano anterior á súa aplicación e que a liquidación do orzamento debe asinarse antes do 31 de marzo do ano seguinte ao de execución, polo que a última alegación recollida, ademais de inmotivada, non se axusta á lei.

9.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Antonio Pastoriza Chapela posto que a obra do camiño da Fampena non se considera prioritaria; o saneamento da Costa Grande pode realizarse sen recorrer a fondos propios municipais, se se considera necesario executalo e o muro da Casa de Cultura pode facerse por administración, con persoal municipal e as cantidades xa previstas para mantemento da rede viaria.

10.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por, posto que as obrigas pendentes de pago están xa recoñecidas e polo tanto non precisan de nova consignación orzamentaria.

11.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. María Luisa Ferverza Curro, posto que o contrato para a construción da gardería municipal de Moaña conta xa con créditos orzamentarios suficientes, polo que non é necesario ampliar a previsión orzamentaria.

12.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. Ana María Costa Gándara, posto que a praza anteriormente cuberta pola reclamante figura na Relación de Postos de Traballo como vacante, ao concedérselle a incapacidade absoluta, e cuberta interinamente..

13.- Modificar a partida 1630.22707 do orzamento de gastos (“Contratación de empresas limpeza viaria”), consignando 256.425,61 €. Reducir a partida 1650.22711 do orzamento de gastos (“Contratación empresas mantemento alumeadado público”) a 35.000,00 € e a partida 3340.20200 (“Aluguer locais cultura”), a 19.574,39 €.

14.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para 2011, equilibrado nos seus estados de gastos e ingresos na cantidade de 8.137.775,85 €, así como as súas bases de execución e Relación de Postos de Traballo que o acompaña.

15.- Aprobar definitivamente o orzamento do Padroado Beiramar para 2011, equilibrado nos seus estados de gastos e ingresos na cantidade de 2.063.991,79 €, así como as súas bases de execución e Relación de Postos de Traballo que o acompaña.

16.- Ordenar a publicación dun resumo dos orzamentos, así como da Relación de Postos de Traballo, no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.”

O Sr. Alcalde engade que se presentaron varias solicitudes de palabra entre as persoas que presentaron alegacións.

Dona Ana María Costa Gándara, sinala que este Concello ten falta de transparencia, o Alcalde fai de Secretario e houbo ocasións que estivo de Secretario persoal laboral. Os expedientes tiñan que estar custodiados polo Secretario. Nos expedientes hai anomalías. O Sr. Secretario tiña que ler o que leu o Alcalde, está de adorno.

O Sr. Alcalde pide á Sra. Costa respecto aos seus compañeiros.

A Sra. Costa di que ela tampouco foi respectada. Non estou disposta a perder o que tanto me custou. Vostede, Sr. Alcalde, é o responsable disto. Houbo boicot de actas cando fun Secretaria accidental. Hai unha acta de febreiro onde a cantidade que figura non se corresponde ca factura. Polos enlaces que había na Intervención. A piscina municipal inaugurouse dúas veces. Unha para os amiguetes e outra para o Sr. Feijoo. As prazas que saen xa teñen nomes e apelidos.

Dna. María Luisa Santomé Faria, afirma que presentou alegación respecto da obra de asfaltado do camiño de Lopes, na Paradela. Contéstase que se fará se o Concello o estima oportuno.

O Sr. Alcalde di que houbo unha moción aprobada en Pleno que ía nese sentido. O que haberá que facer será decidir o momento máis oportuno para acometer a obra.

Dna. Dolores Fernández Rodas afirma que se iniciaron as obras de saneamento de Domaio pero non se remataron. Hai unha moción aprobada. Sabemos que non se rematou a obra porque a empresa encargada de facelo quixo cobrar e non se lle pagou. Quedou o saneamento empantanado. Nun pleno celebrado en xuño ou xullo viñeron veciños a reclamar. Vostede, Sr. Alcalde, comprometeuse a telo rematado antes de finais de ano. E agora non aparece nin orzamentado. Respecto da reclamación do IES Paralaia, leva pendente dous ou tres anos, sen comprarse os terreos. Tampouco hai orzamento. ¿A onde van todos eses cartos?. O que lles interesa aos veciños a vostedes non. Non hai orzamento para nada diso.

O Sr. Alcalde di que a Sra. Fernández semella que o ten moi claro. Pode explicarmo vostede a min. Non hai que orzamentar nada para o saneamento porque a obra xa está adxudicada e a debe acometer Aqualia. ¿A vostede quen llo explicou, Aqualia?.

A Sra. Fernández responde que como Presidenta da Asociación de veciños tamén ten persoas que lle informan das cousas.

O Sr. Alcalde afirma que a ampliación do IES Paralaia é unha obra que corresponde acometer á Consellería de Educación. Levamos tres anos agardando que a Consellería nos diga que quere facer, os metros de superficie necesarios... A partir de aí, nos poderíamos comprar os terreos. Isto non é un mercado. Non é cuestión de que alguén diga que imos comprar os terreos. Para comprar, primeiro hai que ter un motivo fundado. Cando a Consellería nos diga qué superficie necesita o Concello poderá valorar que terreos precisa. O tempo das vacas gordas, se algunha vez a houbo neste Concello, acabou. Hai que medir moito os investimentos que se van acometer. Cando a Consellería mande o informe de necesidades, a ampliación a acometer e os metros cadrados que precisa, o Concello xa atopará os medios para comprar os terreos necesarios. Responsabilice á propietaria do centro, a Consellería de Educación.

D. Antonio Pastoriza Chapela sinala que a súa asociación, das Pagonas, presentou unha alegación sobre o camiño de Fampena. Contesta o Sr. Alcalde que non é prioritario. Cando se presentou a moción, o Concelleiro Delegado de Urbanismo asumiu o compromiso de que se ía mellorar o firme. Nos orzamentos non se recolle partida. Tamén dixeron que se ía sanear. Os sumidoiros de Costa Grande estiveron orzamentados no PAM do 2007. O Tenente de Alcalde recén elixido visitou a zona dicindo que se ía facer. Non sabemos onde foron desviados os fondos. E agora nestes orzamentos non se recolle nada. Falta o bombeo. Levamos oito anos agardando. O mesmo co muro da Casa de Cultura de Berducedo. Se ese muro cae íbanno sentir. É a escola do BNG. Se aos seus cachorros non lles importa, a min tampouco.

O Sr. Alcalde afirma que nos orzamentos, ata hai tres anos, había unha partida. A obra e o bombeo púxose. Outra cousa é que por problemas de conexión de todas as vivendas quedase algunha pendente. Probablemente, esas conexións non as faremos nós nin ninguén. Dende o punto de vista técnico orzamentario sría un luxo asiático. Habería que facer un tramo de tubería de kilómetro e medio para conectalo no Río da Fraga. Para catro ou cinco vivendas. houbo que

gastar dez mil euros por vivenda na zona de Escobar. Isto aínda sería máis. Todos os veciños teñen dereito a un servizo como este pero habería que buscar outra solución. Falo ben claro. Os veciños estiveron aquí nunha Comisión e xa lles dixemos que non se podía facer. Hai un millón e medio de euros para saneamento. É moito máis sinxelo que se agrupen os veciños e instalen un bombeo. Respecto do muro da Casa da Cultura de Berducedo, hai que retranquealo. Por distintas razóns, quedou pendente. Algún día haberá que facelo. Pódese facer por medios propios do Concello, non hai que orzamentalo. Require tempo e oportunidade.

D. Manuel Curra Durán pregunta se hai algo para Broullón.

O Sr. Alcalde afirma que o Sr. Curra pediu na súa alegación que se habilite unha partida orzamentaria para facer frente ás obrigas que o Concello ten pendentes de pago, os tres millóns de euros que quedaron sen pagar do ano pasado. Para Broullón hai unha actuación prevista, seleccionada o 2009, dentro do Plan de obras da Deputación para a loita contra o desemprego: O asfaltado dos camiños interiores. Levamos trece meses agardando a que a Deputación licite a obra. Así como os camiños de outros concellos vanse asfaltar, dos camiños de Moaña non se sabe nada. O Concello elabora os proxectos e os remite á Deputación. Levan trece meses empantanados. É lóxico. Non hai quen coordine e licite oitocentas obras. Está previsto que se faga este ano. Temos un saneamento que chega ao 96 % da poboación. Iso non se da en ningún outro concello desta provincia. O que queda por facer é moi difícil e costoso.

O Sr. Curra afirma que teñen unha obra pendente de reposición do subministro.

O Sr. Alcalde afirma que as obras de reposición están empantanadas dende que cambiou a Xunta. Ano e medio agardando, parece que a Xunta tampouco recibiu a obra.

O Sr. Curra afirma que eles non solicitaron esa obra. A que pedíamos era máis clara e con menos gasto. Teredes que negociar ca empresa.

O Sr. Alcalde responde que a eles tampouco lles gusta que as obras estean sen rematar. Aínda que esa obra non da servizo a Broullón agardamos que a rematen pronto.

O Sr. Curra pide que se lembren tamén das parroquias.

O Sr. Alcalde responde que para atender ao rural, barrios e aldeas, mellor ir a Mós. Os servizos que temos aquí, pavimentación, beirarrúas, alumeadado... nos núcleos temos practicamente os mesmos servizos que o centro urbano. Respecto dos tres millóns de euros dos que fala na súa alegación, como lle di o Interventor, todas esas facturas xa están recoñecidas. Non hai por qué incorporalas aos orzamentos.

Dña. María Luisa Ferverza Curro pregunta canto tempo temos que agardar pola gardería municipal. Levamos case que dúas lexislaturas agardando. Xa dende o curso 2007-2008 e perdendo subvencións. Iso é sangrante.

O Sr. Alcalde responde que levan non dúas lexislaturas agardando, senón todas as lexislaturas-nunca houbo gardería municipal. Os primeiros que asumimos esa necesidade fomos nós. Resultou bastante arduo e complexo comezar as obras por razón da falta de terreos. Ata o 2005, o PP non facía garderías. As obras levan o seu tempo. No 2005 accedeu ao goberno da Xunta quen tiña interese e fixo un plan para dotar de garderías aos concellos. Mediante un convenio conseguíuse ese local, no 2008. no 2008, a Xunta concede o 80% do importe. Quedou sen xustificar da primeira anualidade cento vinte mil euros, en decembro do 2008. da segunda anualidade non se perdeu nada. O lóxico sería asinar un novo convenio cando a obra está en marcha, asumindo nese novo convenio, a cantidade pendente. A nova Xunta optou polo financiamento privado. Ante a posibilidade de renovar o convenio e recuperar os cento vinte mil euros din que non teñen máis cartos. Aínda así, e a pesar de que a Xunta se desentendeu da gardería de Moaña, ven a Consellería a inaugurar a de Cangas e di que non sabe nada da gardería

de Moaña. Pese a todo o Concello segue apostando pola gardería. Non figura nos orzamentos porque está recollida en orzamentos pechados.

O Sr. Fervenza, Voceiro do PP, afirma que acaban de asistir a un novo espectáculo coma os que habitualmente se dan nos últimos catro anos. Unha falta de respecto aos veciños de Moaña, á Corporación, aos meus compañeiros e a este Grupo. Alcalde, vas de sobrado, alá ti. É de lamentar o rodillo que aplicas cas asociacións de veciños. A proposta que presentas no Pleno é un panfleto. Levas catro anos mentindo. Falaches de todo canto quixeches. Este é un panfleto de BNG e PSOE. Quédome co informe do Interventor. O informe admite a trámite todas as alegacións. O que fago eu é isto. (O Sr. Fervenza racha os papeis da proposta de aprobación dos orzamentos). O que vale é o informe do Interventor. Alcalde, ti rachas cos veciños, co PP e co Concello. Con independencia diso, vas aparecer no libro Guinness. Axudas ao paro de Moaña, empeñas ao Concello en vinteun millón de euros. Nestes orzamentos, trescentos sesenta e catro mil euros de xuros. Pagaches, nesta lexislatura, máis de un millón de euros en xuros. Con eses cartos podería estar rematada a gardería, o Centro Cultural Rosalía de Castro, o saneamento de Domaio, o comezo do auditorio, a compra de terreos no IES Paralaia... ¿Falastes con alguén do instituto?. Alcalde tes un record. O record de incumprir convenios: O da gardería, o das vivendas sociais, a estafa do auditorio, presentando aquí a maqueta. Isto vaite pasar factura. Pagamos a contribución máis cara. Record en mentiras, prepotencia e soberbia. O informe do Interventor aceptou todas as alegacións. Ti con ese panfletito non fas nin caso. Os remanentes negativos foron aumentando, xa é máis alto que o propio orzamento. Por contribución en rústica prevedes cobrar setenta e cinco mil euros En contribución urbana ingresades un millón catrocentos sesenta e catro mil euros. Ides cobrar ás empresas e aos particulares por publicidade. En infraccións urbanísticas, noventa e cinco mil euros. Setenta mil euros que teredes que pagar aos traballadores de Aqualia. En canto a gastos, por asesoramento urbanístico, vinteun mil seiscentos euros. ¿O Concello ten que pagar ao Concelleiro de Urbanismo?. ¿Vinte mil euros?. En limpeza viaria tedes os barrios abandonados logo de pagar douscentos cincuenta mil euros. En xuros temos pendentes de pagar trinta e cinco mil euros a unha empresa á que aínda non se pagou. O despilfarro leva a todo isto. E votas a culpa ao PP, a Feijoo. A nos válenos o informe do Interventor. Tiñas que aprender. O PP traballa en base á legalidade. Respecto aos veciños, aprende a escoitar, Alcalde.

O Sr. Pastoriza, Voceiro do PSOE, afirma que unicamente quere aclarar algo. O Interventor, o seu referente, Sr. Fervenza, no seu informe unicamente admite a trámite as alegacións. Quere dicir que a persoa que a presenta está lexitimada para facelo e a presenta adecuadamente. Nada máis. A maior preocupación para o noso Grupo son os veciños de Moaña e o desemprego. Exprimimos as escasas competencias que temos e fomos os únicos que nun mandato conseguimos dous obradoiros de emprego. O Sr. Feijoo dixo que ía arreglar o problema do paro en corenta e cinco días. Galicia é a comunidade autónoma onde máis se incrementou a cifra de desemprego. E por alusións, a austeridade a do Sr. Feijoo, que gastou en publicidade cento noventa mil euros en demostrar o bo que é que os libros de texto non sexan gratis. Está a amosar que é moi pobre.

O Sr. Santos, Voceiro de INMO, sinala que disto xa falamos hai un mes. Un par de obsevacións. O Alcalde vota de menos a aula, polo tono didáctico da súa intervención. Respecto das alegacións, con independencia das críticas ao documento, se presentan dous tipos de alegacións. Algunhas son disparates, algún nin siquiera soubo nin que alegación presentou. Outras, en cambio, manifestan unha preocupación pola situación dos barrios por parte dos seus representantes. A presentación das alegacións pode vir derivada da falta de canles para amosar as

súas preocupacións. Os concellos veciñais, non se chegaron a constituír. Esa podería ser a canle axeitada de reclamacións.

O Sr. Alcalde afirma que algunha das alegacións presentadas son honestas e constructivas respecto dos barrios e parroquias. Rexeitanse porque o Plan de Saneamento do Concello establecía respecto do primeiro ano en investimentos, cento cincuenta mil euros, e incrementos do 3% cada ano. O previsto para este ano supera amplamente o que se establecía no Plan. As solicitudes de investimentos que se recollen nas alegacións superarían o millón de euros. Buscarase a maneira de que se fagan algunhas, outras terán que agardar. Ao Sr. Ferverza, solo uso a prepotencia e a soberbia co que ven de forte. Sempre estiven disposto a ser humilde co que se amosa débil. Co que se amosa descortés, o mesmo trato. Vostede incluso chegou a fomentar a violencia física contra Concelleiros. Cando chegue a Alcalde xa saberán os veciños de prepotencia, de soberbia, do que é mentir, sexa con mala fe ou por descoñecemento. Non se poden tomar en serio as súas alegacións porque non sabe que é un orzamento, as súas partidas. ¿Cómo pode pedir que se elimine a partida de xuros a pagar a Marcelino Bértolo?. ¡E vai a prensa a preguntar canto se debía a Bértolo!. Explíqueillo cen veces. Marcelino Bértolo presentou a reclamación no 2003 sobre débedas que viñan dende o 90-92 e que chegaban a cento cincuenta mil euros. Son moitos, pero debíanllos antes. Gañou a sentenza. No 2005 e 2006 asinou un convenio e pagouse o principal. Do principal xa non se lle debe nada. Si dos xuros. Acordouse que a partires da sentenza deixárianse de devengar xuros. Pagáronse oitenta mil e débense trinta mil euros. Vostede o que merece é prepotencia, xa aburre tanta mentira. Di que gastamos en actividades protocolarias e publicidade cando este Concello non gasta niso. Cando se celebre a Gala do Deporte vostede vai entregar os pobres trofeos que se reparten. Diga agora que vai suprimir iso, trinta mil euros en adquisición de trofeos e actividades de formación. Non vai atopar unha factura a nome deste Alcalde. ¿Que lle pagamos aos traballadores de Aqualia?. Na Xunta de Goberno o que atopou foi a liquidación do que lle debe abonar Aqualia ao Concello. Iso figura no contrato, as nóminas e Seguridade Social dos traballadores municipais. E contodo iso monta un espectáculo. ¿Qué seriedade se pode dar a iso?. O asesoramento urbanístico é para pagar a Sindo. ¿Cómo imos tomalo en serio?. Non é capaz de entender os orzamentos. Un xesto que o significa é o que acaba de facer, romper a proposta. Hai que diferenciar entre o que significa admitir a trámite, que a alegación se presenta en tempo e forma, e estimar ou desestimar a alegación. Isto segundo, faise dente un punto de vista político. Nalgún caso o Interventor di que se debe estimar. O outro, pódese estimar ou non. Susana Canosa fixo algo parecido en Bueu e aos dous días estaba pedindo perdón.

O Sr. Ferverza responde ao Sr. Pastoriza. Víctor, falabas de que te preocupabas polos parados. Palabras túas, que as empresas de Moaña non estaban cualificadas. Iso é o que che preocupa. Millán, prepotencia sobrouche todos estes anos e soberbia. Faltas continuas de respecto aos corporativos e veciños, ríndote cando intervimos. Iso é prepotencia. Sobre o que falas de rachar a proposta, ti rachaches cos veciños desestimando as alegacións. O que escribiches é unha vinganza contra as asociacións que non están contigo. Todos os orzamentos de Moaña están reparados. O Interventor estache dicindo que o estás a facer mal. Reparos en Rosalía de Castro.

O Sr. Alcalde responde que os orzamentos non se reparan. ¿cal é o reparo?.

O Sr. Ferverza pide ao Sr. Alcalde que lle deixe falar. Millán, perdeches a educación. Non deixas falar. Faltaches o respecto aos veciños. O informe di que as alegacións son correctas. O sillón cambioute.

O Sr. Alcalde responde que o Sr. Ferverza agora é rico, ca empresa e sendo Deputado.

O Sr. Fervenza di que o Sr. Alcalde non debe agardar ao 22 de maio. Traballa, fai cousas por Moaña. Solicitamos o expediente de Bértolo por rexistro hai tres meses. Denegousenos. Aquí tes a copia do rexistro. (Seguidamente o Sr. Fervenza procede a dar lectura ao documento do convenio de pago con Bértolo). Estás incumprindo os pagos. Agora metes trinta e cinco mil euros. O Interventor di que incumpriches o contrato. No informe da Intervención de data 18 de xuño de 2009, di que claramente que se emite reparo aos orzamentos municipais. E agora ves con este panfleto.

Non hai máis intervencións, e o Sr. Alcalde somete a votación a proposta sobre resolución de alegacións e aprobación definitiva do Orzamento Municipal e do Padroado Beiramar para 2011, aprobándose polo resultado de nove votos a favor, seis do BNG e tres dos representantes do PSOE, unha abstención, do representante de INMO, e cinco votos en contra dos representantes do PP, aprobándose ca mesma os seguintes acordos:

1.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Gabriel Piñeiro Costa, posto que nin da documentación obrante nas dependencias municipais nin da aportada polo reclamante se deduce a existencia de ningunha débeda ou obriga ao seu favor.

2.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Jesús Martínez Costa en nome da Asociación de Veciños da Ameixoadá, posto que unha parte das actuacións presentadas poden ser acometidas polo propio Concello por administración e a cargo das partidas de mantemento de infraestruturas e instalacións, e as restantes, que esixen a previsión de partidas de investimento, implicaría un incremento inasumible do capítulo VI, contra os criterios do Plan de Saneamento do Concello de Moaña, aprobado polo Pleno da Corporación.

3.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Ezequiel Fernández Cancelas, en nome da Federación de Asociacións de Veciños da Chamusca, posto que unha parte das actuacións presentadas poden ser acometidas polo propio Concello por administración e a cargo das partidas de mantemento de infraestruturas e instalacións, e as restantes, que esixen a previsión de partidas de investimento, implicaría un incremento inasumible do capítulo VI, contra os criterios do Plan de Saneamento do Concello de Moaña, aprobado polo Pleno da Corporación.

4.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dña. Dolores Fernández Rodas, en nome da Asociación de Veciños O Porto de Domaio, por considerarse inoportuna a inclusión dunha partida para a adquisición de terreos para a ampliación do I.E.S. A Paralaia, posto que non está aínda definido o proxecto de ampliación, nin a superficie de terreo necesaria, nin o prezo dos terreos, sendo imposible cuantificar o montante da partida orzamentaria precisa.

5.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dña. Dolores Fernández Rodas, posto que na mesma non se concretan as actuacións solicitadas, polo que é imposible cuantificar a provisión orzamentaria que se reclama, e por contar o Concello con outras vías para a execución de obras de saneamento sen necesidade de recorrer aos fondos propios.

6.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dña. María Luisa Santomé Faria, posto que nos orzamentos se prevén xa cantidades suficientes para acometer a obra demandada nas partidas destinadas a mellora e mantemento da rede viaria, se o goberno municipal o considera oportuno.

7.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Manuel Parada Fervenza, posto que a execución do proxecto de auditorio require un investimento de 4.300.000,00 €, cantidade de imposible consignación nos orzamentos municipais para o ano 2011.

8.- Admitir a trámite e desestimar as reclamacións presentadas por D. José Fervenza Costas en nome do grupo municipal do Partido Popular de Moaña, polas seguintes razóns:

-A estrutura orzamentaria non permite a creación de partidas “en concepto de superávit.

-Os ingresos polo concepto de IBI son os previsibles desde o punto de vista técnico de acordo coa ponencia de valores e os coeficientes a aplicar no ano 2011. Non se realizou nin se prevé realizar ningunha “suba” do imposto, que está xa situado no seu mínimo legal.

-As previsións de ingresos por dereitos derivados da construción (ICIO e taxa de licenza) xustificanse nos dereitos efectivamente liquidados a data 31 de decembro de 2010 (313.791,34 € en concepto de ICIO e 83.921,82 € en conceptos de taxas por licenzas), sen que haxa motivos para crer que o ano 2010 fose un ano de ingresos extraordinarios.

-As previsións de ingresos por aproveitamentos do dominio público (postes, palomillas, etc.), correspóndese coa liquidación do orzamento de 2009.

-As previsións de ingresos por multas de tráfico e infraccións urbanísticas correspóndense cos dereitos liquidados dos orzamentos de 2009, que son os que deben terse en conta, e non as cantidades efectivamente recadadas.

-A cantidade para reparación de inmobles considérase suficiente, de acordo coas obrigas recoñecidas noutros anos.

-A cantidade orzamentada para reparación de vehículos considérase adecuada de acordo coas obrigas recoñecidas por ese concepto en anos anteriores. O Concello de Moaña só ten un vehículo en renting.

-As cantidades orzamentadas para publicidade e atencións protocolarias teñen o carácter de mínimas, semellantes ás de anos anteriores, e indispensables para atender os conceptos de promoción turística, trofeos e agasallos das competicións deportivas e difusión das actividades municipais.

-Non se pode eliminar a partida para recoñecemento de xuros a Marcelino Bértolo, posto que esa é a cantidade pendente de pago segundo aplicación de sentenza xudicial e plande pagos asinado co acredor, nin é necesario habilitar unha partida de amortización do principal, posto que dito principal foi xa totalmente aboado.

-A lexislación en materia de facendas locais establece que os orzamentos municipais deben aprobarse antes do último día do ano anterior á súa aplicación e que a liquidación do orzamento debe asinarse antes do 31 de marzo do ano seguinte ao de execución, polo que a última alegación recollida, ademais de inmotivada, non se axusta á lei.

9.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por D. Antonio Pastoriza Chapela posto que a obra do camiño da Fampena non se considera prioritaria; o saneamento da Costa Grande pode realizarse sen recorrer a fondos propios municipais, se se considera necesario executalo e o muro da Casa de Cultura pode facerse por administración, con persoal municipal e as cantidades xa previstas para mantemento da rede viaria.

10.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por, posto que as obrigas pendentes de pago están xa recoñecidas e polo tanto non precisan de nova consignación orzamentaria.

11.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. María Luisa Fervenza Curro, posto que o contrato para a construción da gardería municipal de Moaña conta xa con créditos orzamentarios suficientes, polo que non é necesario ampliar a previsión orzamentaria.

12.- Admitir a trámite e desestimar a reclamación presentada por Dna. Ana María Costa Gándara, posto que a praza anteriormente cuberta pola reclamante figura na Relación de Postos de Traballo como vacante, ao concedérselle a incapacidade absoluta, e cuberta interinamente..

13.- Modificar a partida 1630.22707 do orzamento de gastos (“Contratación de empresas limpeza viaria”), consignando 256.425,61 €. Reducir a partida 1650.22711 do orzamento de gastos (“Contratación empresas mantemento alumeadado público”) a 35.000,00 € e a partida 3340.20200 (“Aluguer locais cultura”), a 19.574,39 €.

14.- Aprobar definitivamente o orzamento municipal para 2011, equilibrado nos seus estados de gastos e ingresos na cantidade de 8.137.775,85 €, así como as súas bases de execución e Relación de Postos de Traballo que o acompaña.

15.- Aprobar definitivamente o orzamento do Padroado Beiramar para 2011, equilibrado nos seus estados de gastos e ingresos na cantidade de 2.063.991,79 €, así como as súas bases de execución e Relación de Postos de Traballo que o acompaña.

16.- Ordenar a publicación dun resumo dos orzamentos, así como da Relación de Postos de Traballo, no Boletín Oficial da Provincia, para a súa entrada en vigor.

Non habendo máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levanta a sesión sendo as vintedúas horas e cinco minutos do expresado día.

Autorízase a presente acta ca firma do Sr. Alcalde e do Secretario que da fe.

Vº PRACE
O ALCALDE

O SECRETARIO